



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Aprobación do padrón da taxa polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de abril de 2024

ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía 497/2024 de data 08.07.2024 aprobose o padrón de suxeitos pasivos da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de abril de 2024.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, nos artigos 24 e seguintes do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, procédese á notificación colectiva e exposición ao público do citado padrón e á apertura dun prazo de 15 días hábiles contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións que estimen oportunas.

A cobranza das taxas aprobadas verificarase na forma e prazos previstos no artigo 10.3 da ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Contra a presente notificación poderase interpoñer o recurso de reposición regulado no artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, ante o órgano que ditou o acto. Transcorrido o prazo máximo dun mes desde a interposición do recurso sen que recaera unha resolución expresa, o recurso considerarse desestimado, quedando aberta a vía para a interposición do recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso – administrativo. Todo isto sen prexuízo de calquera outro recurso que os interesados consideren oportuno.

Arzúa, a 8 de xullo de 2024

Asdo.- Xoán Xesús Carril Ramos

Alcalde – Presidente do Concello de Arzúa

2024/4870